



**CES**  
GALICIA  
Consello Económico e Social de Galicia



**XUNTA  
DE GALICIA**

Ditame  
**5/19**

**DITAME**

sobre o anteproxecto de

# Lei de ordenación do territorio de Galicia



**APROBADO POLO PLENO O 26 DE SETEMBRO**



galicia



**Xacobeo 2021**

Todos os documentos do CES poden atoparse en

**[www.ces-galicia.org](http://www.ces-galicia.org)**

Juan Carlos Veiga Hermida, responsable do Servizo Administrativo do Consello Económico e Social de Galicia, en funcións de secretario xeral do organismo,

CERTIFICO:

que o Pleno do Consello Económico e Social de Galicia, en sesión celebrada o día 26 de setembro de 2019, coa asistencia dos membros que de seguido se relacionan:

Presidente Agustín Hernández Fernández de Rojas

Secretario Juan Carlos Veiga Hermida

#### GRUPO PRIMEIRO

UGT-Galicia Olga Crespo Sánchez  
Mar Alfonsín Madrigal

CIG Miguel Malvido Cabirto  
Susana Méndez Rodríguez  
Héctor López de Castro  
Natividade López Gromaz

CC.OO. Roi Fernández Rodríguez  
Maica Bouza Seoane  
Xesús Castro Baamonde

#### GRUPO SEGUNDO

CEG Francisco Couso Cantos  
José María Corujo Seguido  
Laura Otero Rúa  
Marta Amate López  
José Antonio Neira Cortés

GRUPO TERCEIRO

UU.AA.	Rosa Arcos Caamaño Jacobó Feijóo Lamas
SLG	Xosé Pérez Rei Ana Eiras Regueira
Confrarías	José Antonio Pérez Sieira Manuel Daniel Formoso Moledo
Consumidores	Rosa Celia Otero Raña Miguel López Crespo
Universidade da Coruña	Ángel S. Fernández Castro
Universidade de Santiago	Melchor Fernández Fernández

acordou emitir o ditame que literalmente se transcribe de seguido.

## ANTECEDENTES

---

**1.-** En data 5 de agosto de 2019 tivo entrada no Consello Económico e Social de Galicia (CES) oficio do presidente da Xunta de Galicia remitindo, para o seu preceptivo ditame, o anteproxecto de Lei de ordenación do territorio de Galicia .

Este organismo resulta competente para o ditame deste anteproxecto de lei de acordo co previsto no artigo 5 da súa Lei de creación (Lei 6/1995, de 28 de xuño). O devandito artigo establece entre as funcións que corresponden ao CES a de emitir ditames de carácter preceptivo ou facultativo, atopándose entre os primeiros aqueles que versen sobre “Anteproxectos de lei e proxectos de decretos legislativos e plans xerais ou sectoriais que regulen materias socioeconómicas directamente vinculadas ao desenvolvemento económico e social de Galicia. (...)”.

**2.-** O texto do anteproxecto foi remitido, en data de 5 de agosto, á presidencia e aos membros da Comisión Sectorial número 3, *Desenvolvemento rexional*, competente por razón da materia, para a posterior elaboración do correspondente ditame, co fin de iniciar os traballos de estudo sobre a devandita proposta. Así mesmo, tal como establece o Regulamento de Réxime Interno do CES, deuse conta á Comisión Permanente da entrada de solicitude de ditame.

**3.-** O anteproxecto a ditaminar ven acompañado da Memoria xustificativa e económica, do Informe da S.X. de Igualdade e o Informe da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia, entre outros documentos.

**4.-** A Comisión Sectorial, na súa sesión 3/19, de data 19 de setembro, acordou aprobar a proposta de ditame e remitila á Presidencia do Consello para a súa tramitación.

5.- O presidente do CES, de acordo coa Comisión Permanente do organismo, convoca o Pleno do Consello, que na súa sesión 8/19, do 26 de setembro, e tras coñecer o texto remitido, acorda aprobar o seguinte

**DITAME**

**sobre o anteproxecto de Lei de ordenación do territorio de Galicia.**

## ESTRUTURA E CONTIDO

---

A Comunidade Autónoma de Galicia, en virtude do disposto nos artigos 148.1.3º da Constitución española e 27.3 do Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado mediante Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, ostenta a competencia exclusiva en materia de ordenación do territorio e do litoral, urbanismo e vivenda.

A consecución do obxectivos sinalados pola Estratexia Territorial Europea, a necesaria adaptación do contido da Lei de ordenación do territorio de Galicia aos mesmos, así como os anos de aplicación da Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, xustifican a necesidade da revisión da normativa vixente en materia de ordenación do territorio.

O anteproxecto de Lei, xunto á exposición de motivos, contén 59 artigos que se estruturan en dous títulos, ademais de seis disposicións adicionais, catro disposicións transitorias, una disposición derogatoria e tres disposicións finais.

O título preliminar reconece os principios e criterios orientadores e fins que deben presidir a ordenación do territorio: o desenvolvemento territorial sostenible; a racionalidade territorial; a cohesión social e económica; a necesidade de ter en conta a conectividade e restauración ecolóxicas e as directrices da Estratexia estatal de infraestrutura verde; o coidado da paisaxe e a atención ao sistema rural de Galicia.

De acordo con estes eixos no Capítulo I defínense os principios e criterios orientadores e os fins e obxectivos en materia de ordenación do territorio, e no Capítulo II reconécese a competencia administrativa en materia de ordenación do territorio á Xunta de Galicia.

O título I desenvolve o contido da ordenación do territorio e os instrumentos de ordenación territorial: as directrices de ordenación do territorio, os plan

territoriais integrados e especiais, os plan sectoriais e os proxectos de interese autonómico.

As disposicións transitorias contemplan cuestións que poden derivarse da entrada en vigor do presente anteproxecto, para obter o menos impacto posible como consecuencia das innovacións da Lei garantindo a seguridade xurídica.

O texto remata cunha serie de disposicións finais nas que se contemplan a previsión do seu desenvolvemento regulamentario, a súa entrada en vigor ou modificacións normativas derivadas da necesidade de que todos os instrumentos de ordenación do territorio contén cun informe favorable en materia de paisaxe.

A disposición derogatoria contempla a derogación da Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenacións do territorio de Galicia, da Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia e o Decreto 80/2000, do 23 de marzo, polo que se regulan os Plans e Proxectos Sectoriais de Incidencia Supramunicipal, así como cantos preceptos de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto na presente Lei.



## CONSIDERACIONES PARTICULARES

---

### • Artigo 3. Fins e obxectivos en materia de ordenación do territorio

A letra e) deste artigo establece que *“A adecuación da planificación territorial das dotacións e dos solos produtivos á súa función vertebradora, definindo os criterios de deseño, características funcionais e localización, que garantan a accesibilidade e a inserción da totalidade do territorio nunha racional dispoñibilidade dos ditos elementos estruturantes, promovendo un modelo de mobilidade sostible”*.

O CES considera que debe facerse referencia, ademais de aos solos produtivos, aos mineiros. Os recursos mineiros aparecen mencionados na letra f) e tamén a explotación mineira na letra h). Coherentemente, debera recollese tamén nesta letra e) que establece a adecuación da planificación territorial das dotacións e dos solos á súa función vertebradora.

Asemade, tendo en conta que o artigo 8 deste anteproxecto (O sistema rural de Galicia), no seu apartado segundo, fai referencia a *“asegurar a permanencia no territorio da súa poboación”*, o CES considera que entre os fins e obxectivos en materia de ordenación do territorio debería incorporarse expresamente o de evitar a despoboación do medio rural en base á actividade económica que nel se desenvolve.

### • Artigo 4. O desenvolvemento territorial sostible.

A segunda oración do parágrafo 2 comeza pola expresión *“Estas demandas deberán responder...”*.

O CES considera que é necesaria unha aclaración en relación ao termo demandas ás que se refire este artigo, xa que non parece gardar conexión co texto que lle precede.

• **Artigo 6. A cohesión social e económica e a perspectiva de xénero**

O CES considera que no seu apartado 1 debería clarificarse a expresión “*combinación equilibrada de usos e grupos sociais*” en aras a unha maior comprensión do texto.

• **Artigo 19. Suspensión motivada do planeamento urbanístico pola formulación dun instrumento de ordenación do territorio**

No seu parágrafo 6 estipúlase que a suspensión extinguirase coa aprobación definitiva do instrumento de ordenación do territorio que motivou a súa adopción e, en todo caso, polo transcurso do prazo de dous anos a contar dende a data do acordo de suspensión, prorrogable por un ano máis.

O CES considera necesario eliminar a posibilidade de prórroga por un ano máis, ao entender suficiente o prazo de dous anos a contar dende a data do acordo de suspensión. Este mesmo prazo, sen posibilidade de prórroga, está previsto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia para o suposto de suspensión de licencias.

• **Artigo 33. Obxecto, ámbito e funcións dos plans sectoriais**

No art. 33.2 establécese o listado dos ámbitos e sectores nos que poderán redactarse planes sectoriais, referíndose a letra f ás “*actividades produtivas, agroforestais e turísticas*”.

O CES considera que o apartado 2 deste artigo debería facer unha mención xenérica a actividades económicas, ou ben na letra f referirse tan só a “*actividades agroforestais e turísticas*”, para harmonizalo coa redacción deste mesmo apartado.

• **Artigo 38. Obxecto, ámbito e funcións dos proxectos de interese autonómico**

O CES considera necesario mellorar a redacción do apartado 2 pois esta debe referirse á definición dos conceptos aos que se refiren as letras a, b e c do artigo 38.1.

Concretamente, nos apartados b) e c), a partir do enunciado do concepto correspondente debería, tal e como se fai no apartado a), introducir dous puntos, seguido da expresión “é o constituído polos ámbitos que sexan obxecto de...”

b) Solo destinado a vivendas protexidas: é o constituído polos ámbitos que sexan obxecto de...

c) Solo destinado á realización de actividades económicas: é o constituído polos ámbitos que sexan obxecto de...

• **Artigo 46. Eficacia da aprobación dos proxectos de interese autonómico.**

No suposto dos proxectos de urbanización de carácter privado (apartado 7) que se desenvolvan en máis dun concello o proxecto de urbanización deberá ser aprobado por cada un dos concellos afectados. Para estes efectos regúlase que os concellos poderán instrumentar mecanismos de colaboración.

O CES considera que se debería substituír na redacción o termo “*poderán*” por “*deberán*” aos efectos de unificar a tramitación dos expedientes.

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2019

Vº e P.  
O PRESIDENTE

O SECRETARIO XERAL

Agustín Hernández Fdez. de Rojas

Juan C. Veiga Hermida



[www.ces-galicia.org](http://www.ces-galicia.org)